

**BOLETÍN
INFORMATIVO**

“ A TODOS OS QUE NOS SENTIMOS PROTAGONISTAS DO CAMPO ”



COOPERATIVA MELISANTO

Agüeiros
FURELOS
MELIDE



Edición Trimestral
Depósito Legal: C-830-87

Nº 3 / 09



981 50 60 26

NOTICIAS BREVES



A cooperativa **MELISANTO** estrena novo **Xerente trala destitución do anterior**, D. Ventura Blanco Parada. Trátase de D. JOSÉ LÓPEZ PÉREZ, profesional de recoñecida experiencia con máis de 10 anos como traballador da cooperativa a cargo da Sección Carne, responsable da calidade, no Grupo de Maquinaria en común, encargado dos temas de persoal, etc. etc.

Esta persoa tratará de aplicar os seus coñecementos para un mellor servizo aos máis de 700 socios cos que actualmente conta a cooperativa.

Entre as súas declaracións, podemos destacar as seguintes: “Polo momento pensamos continuar cos obxectivos trazados pola anterior xestión, e logo poñeremos en marcha un ambicioso plan para consolidarnos no movemento cooperativo pola calidade dos nosos servizos”. “Unha das prioridades é conseguir unha mellor comercialización do leite das explotacións dos socios da Agrupación de Produtores”. Estas foron as palabras do novo xerente que lle pide aos traballadores se mostren dispostos a apoiar a nova xestión para acadar as metas trazadas e que permitan un maior posicionamento no mundo cooperativo.

Cabe sinalar que Pepe, como é coñecido no ámbito da cooperativa é Enxeñeiro Técnico Agrícola, cunha recoñecida experiencia laboral e que foi capaz de gañarse o respaldo de quen esouperon confiar nos seus coñecementos profesionais.



DELAGRO, cooperativa de 2º grao constituída entre CECOOP, Centro Intercooperativo del campo de Asturias (CICA) e SERGACAN, pertencentes ás comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Cantabria, en colaboración con MELISANTO, instalou no mes de xuño un **Campo de Demostración de variedades de millo** para comprobar a densidade de sementeira, rendementos, resistencia ás enfermidades e outros factores que poidan influir á hora do ensilado de tan apreciado alimento para o gando vacún.

O día 29 de setembro celebrouse nas instalacións de MELISANTO S. Coop. Galega unha Xornada dedicada a todos aqueles socios interesados no tema. Despois dunha detallada exposición mediante a proxección de datos e diagramas por parte de técnicos da cooperativa de 2º grao e da entidade anfitriona, os asistentes desplazáronse ata a parroquia de Campos (Melide) para examinar o campo de ensaio onde se observaron as distintas variedades semilladas en canto ao seu estado vexetativo, rendementos... O obxectivo xeral deste traballo é determinar o ciclo óptimo e as variedades idóneas que permitan complementar altos rendementos de cana, follas e mazorca coa baixa humidade do grao ao ser cosechado para ensilado, pensando nas cosechas do vindeiro ano.



Novo horario de atención ao socio a partir do 1º de outubro. Como xa é norma dende hai anos ao chegar esta data, a cooperativa MELISANTO establece o seu horario de inverno nas súas instalacións e que se resume nos seguintes números:

- De luns a venres: De 10 a 14 horas pola mañá e de 16 a 19 horas, pola tarde.
- Sábados: De 10 a 14 horas. Pola tarde permanecerán pechadas as instalacións.
- Domingos e festivos: Pechado, cun servizo de garda veterinario para atender as urxencias gandeiras.

Na campaña de silos o horario de apertura para entregar lonas os domingos será de 13 a 14 horas, o teléfono de urxencias do taller é o 629961344.



Ao igual que en anos anteriores, os socios recibirán en breve un estadiño para facer o **pedido das patacas para a sembra**. Unha vez recibido e cuberto, e antes da data tope que se indique no mesmo, deberá ser devolto á cooperativa para poder facer a reserva das patacas ao seu debido tempo e conseguir as variedades solicitadas co calibre axeitado e cun mellor prezo. Recorde que a folla do pedido deberá vir firmada polo interesado para que se responsabilice da retirada da mercancía solicitada.



Os Servizos Veterinarios da cooperativa levarán a cabo a **campaña de desparasitación en xeral e de loita contra a hipodermose bovina** (barros ou “medras” das vacas como se lles coñece vulgarmente). É importante facer os tratamentos correspondentes para evitar perdas na explotación ao diminuír a produción dos animais. Os socios interesados en participar na campaña de desparasitación deberán comunicalo aos veterinarios da agrupación á maior brevidade para organizar o calendario de actuación.



Continuando con actividades que se veñen programando dende hai nove anos con grande éxito, tamén proximamente se anunciará o programa que será desenvolvido para celebrar a **Xornada dedicada á Muller**. O Consello reitor, xunto coa Xerencia buscarán as actividades e actos máis idóneos para que a xornada resulte do máximo interese para todas as mulleres. Dende aquí invítase a colaborar á maior parte posible do persoal feminino nas actividades que se programen e das que terán coñecemento, puntualmente, no domicilio dos sócios



Co fin de aforrar gastos nos portes á hora de subministrar os abonos, cal e fertilizantes ás explotacións dos socios, un ano máis tamén se vai poñer en marcha a **Campaña de abonado de pradeiras**. Tratando de mellorar este servizo, e para corrixir as posibles deficiencias ou erros cometidos en campañas anteriores, estamos dispostos a recibir todo tipo de recomendacións ou suxerencias que os socios poidan aportar. Aos interesados, recoméndaselles que se poñan en contacto canto antes co persoal da Taquilla ou oficinas da cooperativa para facer os seus pedidos canto antes e así poder buscar a for-

ma de agruparse entre veciños ou familiares de parroquias ou aldeas limítrofes e dar un mellor servizo aos socios.




Na páxina web oficial da Consellería do Médio Rural mediorural.xunta.es, e no apartado de Novidades aparece o epígrafe “**Observatorio do sector lácteo**” (Prezo declarado do leite). Pinchando nel pódese ver, entre outras cousas, os prezos percibidos polos produtores de leite e por estratos, ata o mes de xullo de 2009, prezos pagados polos produtores, prezos de venda ao público, etc.

Nesta mesma páxina aparece moita mais información que pode ser de interese para todos aqueles socios que teñan uns mínimos coñecementos de informática e dispoñan de internet nas súas explotacións



A Consellería do Medio Rural está levando a cabo por toda a xeografía galega unha serie de **inspeccións nas explotacións agrarias para verificar o cumprimento dos requisitos e normas sinalados na condicionalidade** no ámbito da saúde pública, zoonidade e fitosanidade. Para o uso dos produtos fitosanitarios nas explotacións, só poderán ser utilizados os autorizados e inscritos no Rexistro de Produtos Fitosanitarios; utilizaranse axeitadamente, non estarán caducados, atoparanse en lugar seguro e ben conservados; terán que ser utilizados por persoal que conte co **Carné de Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios** do nivel básico; os envases baleiros deberán ser depositados nun punto de acopio (SIGFITO) e será preciso ter cuberto o Libro ou **Boletín de Rexistro do uso de fitosanitarios** na explotación que foi remitido ás explotacións pola propia consellería hai tempo.

Os puntos citados son, entre outros, os principais que se veñen controlando para o levantamento da correspondente Acta de control, da que lle quedará unha copia ao interesado na explotación. En caso de incumprimento dos requisitos esixidos, a explotación poderá ser sancionada coa redución do importe das axudas da PAC que anualmente ben percibindo da Unión Europea.



ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DO SECTOR LEITEIRO

A evolución da Política Agraria Comunitaria xerou unha profunda reestruturación do sector leiteiro, tanto no ámbito comunitario como estatal ou autonómico, de tal forma que o sector foi sumido nunha continua desaparición de explotacións.

O censo total de vacún de aptitude leiteira é de 22 millóns de cabezas na Unión Europea, cunha notable tendencia á baixa acontecida durante os últimos dez anos. Tras o aumento de cota leiteira aprobado no marco dun “ateraxe suave das cotas leiteiras”, a cantidade total de cota asignada para o período 2008/2009 ascendeu a 146 millóns de toneladas, o que supuxo un incremento liñal do 2% respecto da cota asignada a cada Estado. España tivo unha cota para dito período leiteiro de 6.239.289 toneladas.

España ocupa o sétimo lugar en canto a volumen de produción de leite no ámbito comunitario, por detrás de Alemaña, Francia, Reino Unido, Holanda, Italia e Polonia. Asim mesmo, a produción leiteira española representa o 6 % do volume total de leite producida na Unión Europea. Ao longo dos últimos 30 anos, a evolución do sector leiteiro estivo marcada por dous parámetros fundamentais: número de explotacións en activo e cota media por explotación. O proceso de reestruturación supuxo un elevado ritmo de destrución de explotacións obrigando a concentrar a produción nas explotacións de maior dimensión. Este feito xenerou unha perda de efectivos no medio rural e tivo importantes repercusións negativas para o mantemento do medio ambiente. Como consecuencia, durante os últimos anos apostouse por un modelo de produción sostible que respete ao medio ambiente, o benestar dos animais e que garanta seguridade e calidade nas súas producións. No obstante, a pesar deste interese nos modelos sostibles aínda moitas explotacións gandeiras apostaron pola intensificación co incremento de custo que elo conleva, así como prexuízos medioambientais, sen que houbera garantía da rendibilidade económica das mesmas.

Produciuse unha redución xeneralizada no número de explotacións dedicadas á produción de leite, calculada nun 76% desde a década dos oitenta, sendo o descenso no Estado español dun 86%. Esta redución só foi superada por Grecia (88%) e Portugal (87%). Ao mesmo tempo produciuse unha intensificación da produción acompañada dunha mellora xenética dos animais.

Respecto á estrutura das explotacións, o número medio de animais é de 37 vacas por explotación, aínda que existen países que superan a media comunitaria como é o caso de



Dinamarca con 80 e o Reino Unido con 110, e outros como Portugal que se atopan por debaixo con 21 vacas por explotación. España posee unha media de 30 vacas por explotación.

O abandono e cese de explotacións de leite nas últimas campañas a través dos Programas de Abandono indemnizados foi o seguinte:

Campaña leiteira 2005/2006: 4.000 explotacións

Campaña leiteira 2006/2007: 2.953 explotacións

Campaña leiteira 2007/2008: 1.900 explotacións

O número de explotacións de leite en España sitúase arredor de 24.000. Tendo en conta que de media desaparecen ao ano sobre 10.000 activos no sector agrario, as cifras indican a importante participación que representa o abandono do sector leiteiro no conxunto total. Durante os últimos vinte anos a cota media por explotación aumentou un 80 %, sendo o Estado español, por detrás de Portugal, o país que máis intensificou a súa produción por explotación cun incremento significativamente maior ao resto dos seus socios europeos. A pesar das diferencias significativas existentes entre as medias de cota por explotación entre os distintos territorios, a media estatal víuse incrementada dende a aplicación da Axenda 2000 en 112.000 quilos por explotación. A media actual estatal con datos do período lácteo 2008/2009 por explotación é de 242.350 quilos, situándonos a nivel da media comunitaria.

Durante os últimos períodos lácteos 2006/07 e 2007/08 a produción de leite de vaca en España non chegou a cubrir a cota total asignada. Na última campaña 2007/2008, producíronse 5.939.260 toneladas fronte a unha cota total de 6.116.950 toneladas. Na campaña 2008/2009 a produción foi 131.000 toneladas por Baixo da cota global asignada a España.

A cota leiteira atópase repartida principalmente entre Galicia (36%), Castela-León (13 %), Asturias (11 %), Cataluña (10 %), Cantabria (8 %) e Andalucía (7 %). A maior parte das explotacións gandeiras produtoras de leite tamén se atopan en Galicia (56 %), Asturias (13 %) e Castela-León (10 %). Respecto ao tamaño medio das explotacións nas diferentes comunidades autónomas é de destacar a gran diferenza que existe por exemplo entre os produtores de Galicia, que a pesar de posuír no seu conxunto o 36 % da cota global e o 56 % das explotacións totais, representan a menor cota media por explotación que alcanza a cifra de 144.447 quilos. Esta cantidade ascendeu significativamente durante os dous últimos anos, xa que estas explotacións foron prioritarias no reparto de cota levado a cabo no Plan de Reestruturación do ano 2005. Comunidades autónomas como Murcia ou Valencia presentan unhas medias de cota asignada por explotación moi superior á media con 1.000.000 e 1.300.000 quilos, respectivamente.

Respecto á estrutura das explotacións leiteiras, da distribución por estratos pódense destacar os seguintes datos: O 67 % das explotacións posúen menos de 200.000 quilos de cota por explotación, o que supón unicamente o 26 % da cota asignada a todo o Estado español. A maior parte das explotacións teñen entre 75.000 e 200.000 quilos (35%). Queda patente a gran diversidade en canto ao tipo de explotación leiteira por estrutura. O 3 % das explotacións teñen o 74 % da cota total asignada ao Estado español. O 20 % das explotacións teñen máis de 300.000 quilos e acaparan o 60 % da cota. Só o 1 % ten máis de dous millóns de cota por explotación de media o que significa o 9 % do total asignado ao Estado español.

O incremento nos custos de produción no sector leiteiro non só responde á escalada dos prezos dos cereais e polo tanto da alimentación animal, senón a un incremento xeneralizado dos insumos ou gastos fixos como son os fertilizantes, gastos veterinarios, enerxía, etc. Ademais, no sector lácteo dase a particularidade de que os custos globais de produción dependen de varios factores socio-económicos diferenciais respecto ao resto das producións gandeiras:

- Cantidade de cota adquirida, o que conleva a períodos de amortización en función do prezo de compra.
 - Capital invertido en instalacións: establos, salas de muxido, maquinaria...
-

-
- Capital humano que traballe na explotación, poden ser traballadores que pertencen á unidade familiar ou ben por conta allea.

Respecto ao capital invertido en cota cabe destacar que no caso de España é singular en relación á xestión da mesma no resto da Unión Europea, xa que durante 13 anos existiu mercado libre de cotas entre produtores, o que xenerou a aparición de intermediarios, entre compradores e vendedores de cota, e polo tanto un incremento no prezo no prezo das mesmas, o que incidiu negativamente sobre a rendibilidade da explotación leiteira. A modo de resumo, destacar que os gandeiros invertiron unha cantidade aproximada aos 510 millóns de euros para a compra de cota, o que supón 3 das antigas pesetas por litro. O custo de amortización varía entre as 3 e as 6 pesetas por litro dependendo do momento en que se realizou a adquisición. Ao mesmo tempo a Administración pública desembolsou aproximadamente 120 millóns de euros a modo de indemnizacións ao produtor nos Programas Nacionais de Abandono e a través do Fondo Nacional de Cotitas, que supuxo 0,5 pesetas por litro.

Sobre a evolución dos prezos percibidos polo produtor podemos dicir que o sector primario constitúe o eslabón máis débil do conxunto da cadea agroalimentaria e adolece dunha posición axeitada para unha formación máis transparente dos prezos en orixe. En termos económicos globais ningún operador económico está preparado para soportar incrementos e reducións dos prezos nunha porcentaxe que oscila entre o 30 e o 50 %, polo que este feito afecta todavía máis ao ámbito agrario e polo tanto ao gandeiro. O prezo medio do leite percibido polo gandeiro durante o ano 2007, segundo os datos estadísticos da Comisión Europea, foi de 0,3535 euros/quilo. O prezo en decembro de 2008 foi de 0,34 euros por litro, fronte ao prezo de 0,45 euros por litro no mesmo período do ano anterior, o que supón unha redución do 32 %. Durante os primeiros meses do ano 2009 obsérvase unha redución dos prezos do leite en orixe, que os coloca en algúns casos en serias dificultades para poder cubrir os custos de produción. O sector leiteiro a nivel estatal, comunitario e autonómico atópase ante unha importante crise de mercado.

O futuro da PAC, a incertidumbre relativa ao mantemento do sistema de cotas leiteiras, a crecente globalización dos mercados e a escalada do custo das materias primas son algúns dos retos aos que se enfronta na actualidade os produtores de leite.

Ante estos retos, o Sector Leiteiro defende os seguintes posicionamentos:

Maniféstase en contra da política de desmantelamento das medidas de regulación dos mercados no sector leiteiro anunciada pola Comisaría de Agricultura da Unión Europea. Ademais, todas as posibles revisións da Política Agraria Comunitaria deben ter en con-



ta como aspecto prioritario o feito de garantir unha adecuada remuneración aos gandeiros e prezos xustos para os consumidores. Polo tanto as políticas a desenvolver deben garantir o abastecemento e a estabilidade dos mercados. Estas políticas de desmantelamento son perxudiciais tanto para o gandeiro como para o consumidor. Os prezos en orixe deben cubrir os custos de produción, incluíndo unha remuneración adecuada dos produtores e as súas familias.

As axudas establecidas no marco da Política Agraria Comunitaria deben estar ligadas á actividade agraria e non á especulación das mesmas.

É preciso manter un control da produción no ámbito comunitario acompañado dun axuste da produción ao consumo. Neste sentido sería bo un sistema para contingentar a produción de leite na Unión Europea máis alá do ano 2015 apostando por un modelo de redistribución da cota leiteira entre os gandeiros no ámbito da Unión Europea que permita acadar un equilibrio entre a oferta e o consumo.

Respecto ao sistema de produción de leite, defender o modelo de produción ligado á terra. Na elaboración dunha política leiteira deberían terse en conta aspectos relacionados coa cohesión territorial e cuestións sociais debido á importancia estratéxica deste sector na vertebración do medio rural. A posta en marcha de mecanismos de cooperación entre produtores, que permitan o desenvolvemento de medidas en común e o asociacionismo agrario como instrumento de mellora económica do sector, tamén resulta necesaria.

Para a consecución dunha adecuada rendibilidade no sector produtor que permita a viabilidade das explotacións de leite é preciso alcanzar unha remuneración adecuada que cubra os custos de produción. Para iso é importante analizar e estudar as marxes de beneficio fronte ás marxes comerciais ao longo de toda a cadea agroalimentaria que permitan establecer unha remuneración xusta dende o sector primario ata o consumidor final.

Continuar unha negociación colectiva de prezos en orixe que unha vez acadada dera validez ao contrato tipo homologado aprobado polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a mediados do ano 2008. Con isto chegaríase a explotacións familiares agrarias sustentables, cunha adecuada xestión medioambiental que permitise asegurar un desenvolvemento sostible respectando o medio ambiente, garantindo o benestar dos animais e a seguridade alimentaria dos produtos xerados.

PRODUCCIÓN GANDEIRAS CON FORRAXES ENSILADAS

O éxito da empresa de produción de carne leite vai depender de dispoñer de ensilado de alta calidade ao longo de todos os días do ano, e isto, deixando á parte a importancia dunha boa fermentación e conservación, vai depender basicamente da data de corte de cada unha das forraxes. No caso de cultivos forraxeiros, como están xeralmente integrados nunha rotación, esta data vén determinada, en parte, pola sementeira do cultivo seguinte.

O ensilado. Principios xerais.

Pódese definir o ensilado como un método de conservación das forraxes cuxo produto se obtén da fermentación anaerobia (sen presenza de aire) dos cultivos, ás veces cun alto contido de humidade.

A preparación dun bo ensilado require, tras a recollida e o picado, un bo prensado da forraxe de modo que quede ben compactado e pechado herméticamente con plástico, sen que haxa a posibilidade de entrada de aire, creando así as condicións anaerobias que facilitan a fermentación inicial.

Cando a forraxe está fresca, os microorganismos máis abundantes son as bacterias, como as ácido-lácticas, e fungos aeróbicos, pero a medida que progresan as condicións anaeróbicas no ensilado, substitúense polas bacterias que poden crecer sen que exista osíxeno. Tamén existen fermentos que por ser anaerobios facultativos (poden crecer en condicións anaerobias e aerobias) pódense manter e multiplicar nos ensilados.

As bacterias ácido-lácticas pódense clasificar en dous grupos: bacterias ácido-lácticas homofermentativas e heterofermentativas. As homofermentativas son máis eficientes na formación do ácido láctico a partir de hexosas (monosacáridos ou glúcidos simples) que nas heterofermentativas.

Unha vez ensilada a forraxe, as bacterias ácido-lácticas seguen multiplicándose, fermentando os carbohidratos hidrosolubles, con produción de ácidos orgánicos, principalmente láctico, que rebaixa o pH. A un determinado nivel crítico de pH, que varía co contido en humidade, os ácidos inhiben o crecemento doutras bacterias ata que se alcanza aproximadamente un pH de 3,8 a 4,0 cesando a actividade microbiana e perma-



necendo estabilizado o produto mentras se manteñan as condicións de anaerobiose. Isto xeralmente acontece cando o nivel de ácido láctico chega a ser da orde do 6 % da materia seca total. Se o pH non diminúe o suficiente debido á escaseza de carbohidratos solubles, o ácido láctico descomponse nunha fermentación secundaria pola acción das bacterias sacarolíticas, producindo principalmente ácido butírico. Ás veces, a determinación na masa do ensilado do amoníaco ou dos ácidos graxos volátiles, como o butírico, utilízase como indicador da actividade clostrídica.

Se non se consegue un pH estable, os clostridios sacarolíticos que se atopan esporulados no cultivo original multiplícanse, fermentan o ácido láctico e os carbohidratos hidrosolubles residuais con formación de ácido butírico, o que determina a elevación do pH.

A actividade encimática respiratoria das plantas segue nos vexetais ensilados en tanto se manteñan as condicións aerobias e o pH non se modifique drásticamente. Os carbohidratos hidrosolubles da forraxe oxídanse ata o dióxido de carbono e auga, con produción de suficiente calor para dar lugar a unha notable elevación da temperatura da masa. Se a forraxe non foi ben compactada durante a enchedura e despois desta, pode penetrar aire na masa, co que a temperatura segue aumentando.

O valor alimenticio do ensilado depende da especie (herba, millo), da dixestibilidade no momento de ensilar e da calidade de fermentación e conservación. O millo case sempre fermenta, ben dando un pH estable, sen produción de ácido butírico e unha presenza moi baixa de nitróxeno amoniacal, afectando pouco á dixestibilidade

e á concentración energética. Canto maior é o contido en materia seca menor é a intensidade da fermentación e menor é a cantidade de proteína verdadeira que se degrada a compostos nitroxenados non proteicos. Para minimizar as perdas e obter un ensilado de millo de calidade é aconsellable ensilar cun alto contido en materia seca (30 - 35 %).

Resumo.

Para lograr un ensilado con gran valor nutritivo haberá que ter en conta os seguintes aspectos:

- Controlar a fermentación costrídica.
- Controlar a formación de ácido láctico compatible coa estabilidade do ensilado.
- Reducir a degradación da proteína, tanto no ensilado como posteriormente no rume do animal.

Isto pódese lograr sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Realizar o ensilado axiña. O rendemento non deberá ser inferior a 1,5-2 hectáreas por día, ininterrompidamente ata completar o silo. O periodo máximo da realización do silo non deberá pasar de 2-3 días.
- Se é posible, facer un presecado curto de 24 horas, como máximo, e recoller a herba pasadas as primeiras horas da mañá. No caso de utilizar rotoempacadora é necesario que a herba teña máis do 25 % de materia seca.
- Dispoñer na explotación dun aditivo eficaz para poder ser utilizado no caso de que sexa necesario (tempo húmido).
- Picar a herba o mellor posible.
- Repartir ben a herba no silo, procurando que non queden bolsas de aire.
- Compactar ben a masa de herba, con pasadas sucesivas do tractor, tanto máis canto máis seca e menos picada estea a herba.
- Cubrir a masa de herba cun plástico ao rematar as operacións diarias ata o día seguinte.
- Utilizar dúas láminas de plástico opaco de 600 galgas como mínimo para cubrir e pechar o silo.
- Facer que o plástico quede perfectamente adherido á parte superior do silo, cargándoo con pneumáticos ou terra e procurando que quede herméticamente pechado.
- Reparar calquera rotura nos plásticos de cobertura coa fita adhesiva.

INFORMACIÓN PARA O CAMPO

AXUDAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIONES LEITEIRAS GALEGAS

Obxecto destas axudas.-

Estas axudas van dirixidas ao apoio a aqueles investimentos que incidan na estratexia de redución de custos mediante estratexias de aforro e a eficiencia enerxética nas explotacións, que minimicen a dependencia externa da enerxía, e a substitución de insumos por recursos naturais localmente dispoñibles, que permitirán incrementar a competitividade das explotacións, redundando á súa vez nunha redución significativa das externalidades ambientais asociadas á actividade agraria.

Requisitos das persoas beneficiarias.-

1.
 - a) Ser titular dunha explotación agraria que teña cantidade de referencia asignada a 1 de abril de 2009.
 - b) Presentar un plan de mellora da competitividade da súa explotación.
 - c) Presentar documento de compromiso de exercer a actividade agraria na produción de leite na explotación obxecto da axuda durante, polo menos, cinco anos contados desde a data da concesión da axuda, así como cumprir as normas aplicables exixibles. Este compromiso será sometido a seguimento mediante a comprobación de se a explotación do beneficiario ten asignada cantidade de referencia na produción de leite nese período de tempo.
 - d) Acreditar a súa viabilidade económica na produción de leite de vaca, de acordo coa marxe neta establecida pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para esta orientación produtiva, e tendo en conta que unha explotación é viable economicamente cando a súa renda unitaria de traballo non sexa inferior ao 20% da renda de referencia. Tamén se considerarán viables as explotacións clasificadas como prioritarias de conformidade co establecido no Decreto 253/2008, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
 - e) Xustificar estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non ten ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - f) Cumprir as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional, coa propia orde e co Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia aprobado pola Unión Europea.

- g) Non ter sido sancionado polo incumprimento da normativa relativa ao saneamento gandeiro, da normativa vixente en materia de calidade do leite cru nos tres anos anteriores á data de solicitude de axuda, e estando acollido a un programa de calidade do leite, non se detectasen incumprimentos sobre este nos controis realizados sobre o terreo que desen lugar á exclusión das axudas do pagamento adicional lácteo 2008.
 - h) Acreditar un volume de emprego de polo menos unha UTA, o cal se efectuará de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
 - i) Posuír a capacitación profesional suficiente, o cal se deberá acreditar de acordo co referido no artigo 17 do Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
2. As persoas físicas titulares, ademais do indicado no número 1, deberán ter dezaoito anos cumpridos e non ter cumpridos os sesenta e cinco. O requisito da idade xustificárase mediante copia cotexada do DNI.
3. As persoas xurídicas, ademais das sinaladas no número 1, deberán:
- a) Ter como actividade principal a agraria, para o cal deberán presentar os estatutos ou documento de constitución e a declaración do imposto de sociedades do último exercicio. Así mesmo, a procedencia agraria dos ingresos comprobarase en función das marxes brutas da orientación produtiva e das actividades económicas da explotación.
4. Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens, ademais dos requisitos sinalados no número 1, deberá presentar:
- a) Os estatutos da comunidade e a súa acta de constitución.
 - b) Acreditar, por parte de, polo menos, o 50% dos comuneiros ou das comuneiras, que reúnen os requisitos establecidos para os titulares persoas físicas, para o que presentarán toda a documentación especificada no número 2 deste artigo (persoa física titular de explotación).
5. Así mesmo, cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens ou sociedade civil poderá resultar beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, da subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo II desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle correspondan á agrupación e non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada lei, para o que deberán acreditar a existencia dun pacto de indivisión da comunidade polo período citado.

Contía e tipo de axudas.-

A contía máxima da axuda expresada en porcentaxe do importe do investimento será de ata:

- a) O 55% nas zonas desfavorecidas.
- b) O 45% nas demais zonas.
- c) A axuda consistirá nunha subvención directa de capital que non poderá superar o límite de intensidade de axuda sobre o investimento total indicado no anterior parágrafo.
- d) Non obstante, serán denegadas as solicitudes para investimentos de plan de mellora da competitividade cuxo investimento elixible sexa inferior a dous mil (2.000) euros por explotación.

Prazo e presentación das solicitudes.-

Para a convocatoria do ano 2009, as solicitudes de axuda presentaranse no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia, polo que dito prazo remata o 30 de outubro de 2009.





**O benestar dos animais, unha obriga de todos.
Un dereito dos animais....**

OS ATAQUES DO LOBO AO GANDO

O lobo ten unha área de distribución amplísima, practicamente todo o hemisferio norte polo que a variedade de ambientes no que sobrevive é impresionante: dende áridos desertos, pasando por xeadas tundras, bosques, páramos e áreas francamente humanizadas como é o caso de Galicia.

Nos montes galegos existe unha gran cabana gandeira que pasta en réxime de semi-liberdade. As áreas montañosas dende a costa ata o interior máis agreste acollen a multitude de cabalos e vacas que son unha peza fundamental no funcionamento ecolóxico destas áreas. Noutros lugares todavía se manteñen rabaños de ovellas e gando vacún de forma familiar e semiextensiva, e en determinadas épocas do ano, especialmente no outono, os rabaños vense atacados e existen danos que se traducen en perdas económicas que xeneran malestar na poboación rural.

A Consellería de Medio Ambiente ten establecido un programa para defenderse dos ataques do lobo:

Obxectivos:

- Establecer unha liña de axudas ós gandeiros polos ataques do lobo no gando saneado vacún, ovino e caprino nas explotacións semiextensivas de Galicia.
- Asesorar aos gandeiros sobre as medidas axeitadas para diminuír a presión do lobo sobre o gando.

Procedemento:

- O gandeiro deberá de chamar ó teléfono 900.186.186 (chamada gratuíta) en calquera momento, antes de que transcurran 24 horas desde o ataque do lobo.
- Na centralita pediránlle uns datos relativos ao lugar e as circunstancias nas que se produxo “a lobada” e asignaralle unha clave, que deberá ser utilizada polo gandeiro para facer a reclamación da axuda polos danos ocorridos.
- A gardería forestal personarase no lugar e recabará a información pertinente.
- O propietario deberá presentar por escrito unha solicitude de axuda por danos de lobo na Xefatura Territorial.
- Unha comisión técnica analizará esta información e cuantificará os danos.

Requisitos:

- O gando afectado polos ataques do lobo ten que estar saneado e pertencer á gandería de vacún, ovina ou caprina.
- As explotacións gandeiras haberán de estar en réxime semi-extensivo.
- O lugar no que se produza o ataque haberá de estar cercado ou protexido dalgún xeito tal que permita o control do gando.
- O gandeiro non debe mover as reses mortas nin permitir o achegamento doutros animais ao lugar ata a cegada da gardería forestal.
- No caso de reincidencia, para poder percibir novas axudas por ataques de lobo, é necesario adoitar as medidas de protección.

É necesario artellar medidas que, sen poñer en perigo esta especie, permitan establecer un control sobre a súa poboación, de xeito que non supoñan unha ameaza para as explotacións gandeiras de Galicia.

Xunto con estas axudas, os gandeiros deberán poñer os medios necesarios (pastores ou cans, por exemplo) para protexer o gando dos ataques destes depredadores.